

Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS – Subdirección Xeral de
Persoal

RESOLUCIÓN de 30 de maio de 2011, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se procede a nomear e a facer pública a composición do tribunal que xulgará a proba de acreditación do coñecemento da lingua galega nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres na Comunidade Autónoma de Galicia convocados pola Orde de 8 de abril de 2011 (Diario Oficial de Galicia do 11 de abril) e pola que se fai pública a data, a hora e o lugar en que se realizará a proba de acreditación do coñecemento da lingua galega nos citados procedementos selectivos.

TEXTO:

En cumprimento do sinalado na base común 7 da Orde de 8 de abril de 2011 (Diario Oficial de Galicia do 11 de abril), pola que se convocaba os procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos mencionados corpos da Comunidade Autónoma de Galicia,

Esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. -Nomear o tribunal que deberá xulgar a proba de acreditación do coñecemento da lingua galega nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres na Comunidade Autónoma de Galicia no anexo desta resolución.

Segundo. - Indicar a data, hora e lugar no que se realizará a citada proba que será:

-Data: 18 de xuño de 2011.

-Hora: ás 10.00 horas.

-Lugar: IES As Fontiñas; rúa de Estocolmo 5 - Santiago de Compostela (A Coruña).

Recórdase que, de conformidade coa orde de 8 de abril de 2011 (Diario Oficial de Galicia do 11 de abril), a proba se valorará coa cualificación de apto ou non apto, quedando excluídas do procedemento selectivo as persoas declaradas non aptas. Finalizada a realización da proba, e unha vez avaliada, o tribunal farán pública a valoración do persoal aspirante no taboleiro de anuncios do centro en que se realizase.

Terceiro. -Quedan autorizadas as comisións de servizos dos membros do tribunal que necesiten desprazarse para o exercicio de tal función, tendo dereito a percibir as axudas e gastos de viaxes de acordo coa lexislación vixente. Os medios de locomoción usados serán calquera dos previstos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, modificado polo Decreto 144/2008, do 26 de xuño (Diario Oficial de Galicia do 18 de xullo), debendo entenderse que queda expresamente autorizado o uso de vehículos propios, de acordo co citado decreto.

Santiago de Compostela, 30 de mayo de 2011.

José Manuel Pinal Rodríguez

Director general de Centros y Recursos Humanos

ANEXO

Titulares

Posto	NIF	Nome
Presidente/a Titular	33783681Q	González Moreiras, Jesús Pablo
Vocal Titular 1	35544660T	García Bugarín, Leandro
Vocal Titular 2	33238798A	Rivas Troiteiro, María Das Dores Lucía
Vocal Titular 3	36044724K	Álvarez Ruiz, Lourenzo
Vocal Titular 4	35286281A	Ares Rodríguez, María Carmen

Suplentes

Posto	NIF	Nome
Presidente/a Suplente		
Vocal Suplente 1	33832204D	Pereiro Gómez, Luis
Vocal Suplente 2	35450548G	García Sumay, María Cruz
Vocal Suplente 3	35318235X	Gulías Troitiño, Xoán Carlos
Vocal Suplente 4	52434162G	Seara Domínguez, María Teresa